

Conservatorio Profesional de Música de Carballo

Programación oficial da asignatura de Frauta

Curso escolar 2024/25

INTRODUCCIÓN

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSEINANZAS

Grao elemental

Grao profesional

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Grao elemental

Grao profesional

1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

6º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

RECURSOS DIDÁCTICOS DO GRAO ELEMENTAL

RECURSOS DIDÁCTIVOS DO GRAO PROFESIONAL

METODOLOXÍA

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

TEMAS TRANSVERSAIS

Educación en valores

Tratamento das TIC's

ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSEÑANZAS

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

ANEXOS

Probas de acceso a 1º curso de Grao Profesional

Probas de acceso a 2º curso de Grao Elemental

Probas de acceso a 3º curso de Grao Elemental

Probas de acceso a 4º curso de Grao Elemental

Probas de acceso a 2º curso de Grao Profesional

Probas de acceso a 3º curso de Grao Profesional

Probas de acceso a 4º curso de Grao Profesional

Probas de acceso a 5º curso de Grao Profesional

Probas de acceso a 6º curso de Grao Profesional

PREMIOS FIN DE GRAO

INTRODUCCIÓN

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

O artigo 48 preceptúa que as ensinanzas elementais de música terán as características e a organización que as administracións educativas determinen. Ditas características veñen dictadas para a nosa comunidade autónoma no posterior decreto 198/2007 do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

A finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

Asimesmo, a Lei orgánica 2/2006 de 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas.

Asemade, a citada Lei Orgánica no capítulo VI do título I fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música. Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música fíxanse no Real Decreto 1577/2006, de 22 de decembro, e defínense no marco da nosa comunidade no Decreto 203/2007 de 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de música de réxime especial.

O grao profesional ten como finalidade proporcionarlle ao alumnado una formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria de estudos posteriores.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do Conservatorio Profesional de Música de Carballo.

OBXECTIVOS XERAIS DAS ENSINANZAS

Grao elemental

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

- ✓ Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
- ✓ Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.
- ✓ Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.
- ✓ Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.
- ✓ Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.
- ✓ Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.
- ✓ Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- ✓ Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- ✓ Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- ✓ Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

Grao profesional

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

- ✓ Habituar a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.
- ✓ Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- ✓ Analizar e valorar a calidade da música.
- ✓ Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- ✓ Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- ✓ Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- ✓ Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- ✓ Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- ✓ Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Grao elemental

O ensino da frauta no grao elemental terá como obxectivo o desenvolvemento das capacidades seguintes:

- ✓ Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas mans.
- ✓ Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- ✓ Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir, de forma automática, a afinación das notas e a calidade do son.
- ✓ Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e o perfeccionamento continuo da calidade sonora.
- ✓ Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, empezando a utilizar o vibrato e os diferentes matices para dar cor e expresión á interpretación.
- ✓ Interpretar un repertorio básico integrado por obras en diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
- ✓ Interpretar de memoria o repertorio estudado.

Grao profesional

- ✓ Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- ✓ Demostrar unha autonomía progresivamente maior na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, vibrato, etc.
- ✓ Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, no repertorio propio.

- ✓ Practicar música de conxunto, nas formacións propias do instrumento.
- ✓ Adquirir a capacidade de traballo e a autonomía suficiente para resolver problemas técnicos e interpretativos acordes ao nivel.
- ✓ Adquirir a suficiente destreza no mantemento do instrumento e a elaboración dos elementos básicos para a produción do son.
- ✓ Ser capaz de desenvolver a capacidade de creación e improvisación de elementos estilísticos propios.
- ✓ Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.
- ✓ Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

1º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Obxectivos

- Coñecemento básico das diferentes partes e mecanismo do instrumento, así como a comprensión de como se produce o son.
- Habitramento a unha correcta montaxe e coidado xeral da frauta.
- Coñecemento da respiración diafragmática como base dun bo son.
- Adopción dunha correcta posición corporal con e sen instrumento (costas, pernas, cadeira, cabeza, brazos e mans)
- Desenvolvemento de hábitos de estudo diario eficaces (espello, atril, concentración) e con suficiente capacidade autocrítica.

- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Desenvolvemento da atención, escoita, concentración e relaxación.
- Obtención dun son estable e unha correcta embocadura.
- Interpretación dunha serie de estudos ou obras adecuadas ao nivel.
- Aprendizaxe de diversas obras sinxelas de memoria.
- Práctica da música en conxunto para desenvolver a afinación, o axuste e a precisión rítmica.
- Presentación en público.

2. **Contidos**

- Practicar exercicios de relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.
- Facer exercicios con e sen a frauta para adquirir unha correcta posición corporal.
- Realizar sons longos e mantidos para desenvolver a sensibilidade auditiva e a obtención de calidade sonora.
- Traballar os hábitos de estudo diario (regularidade, emprazamento, condicións, silencio...)
- Traballar habitualmente nas clases o silencio de partida, como medio de concentración.
- Practicar escalas e arpexios ata unha ou dúas alteracións coas principais articulacións (picado, ligado).
- Estudar diferentes fragmentos de memoria e exercicios de lectura a primeira vista.
- Coñecer e practicar os xestos camerísticos (entrada, corte...) habituais na interpretación, con piano e en grupo.
- Iniciarse na identificación das estruturas musicais (frase, tema...)

- Realizar audicións de diferentes tipos de música con diversos instrumentos. Comentarios dos alumnos en clase ou escritos.
- Realizar audicións do propio instrumento en distintos tipos de música.
- Seleccionar progresivamente en canto ó grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo
- Demostrar a correcta asimilación da técnica da embocadura e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos

3.2. Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía 10 pequenas pezas axeitadas ao nivel do curso
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en alomenos 2 audicións públicas

3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas
- Avaliación das probas prácticas trimestrais

3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Interpretación na aula dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor: 50 %
- Audicións públicas de frauta con acompañamento ou sen el: 25%
- Exames de estudos: 25%

3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

O alumno terá dereito a un exame no mes de maio.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.2. Probas extraordinarias

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.

- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

2º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Obxectivos

- Desenvolver a capacidade pulmonar e o control do aire.
- Conseguir un mellor coñecemento das partes técnicas da frauta (zapatillas, muelles, resorte, eixos...)
- Adquirir unha posición corporal baseada na relaxación e autoconhecimento do corpo.
- Coñecer e practicar os sons harmónicos.
- Interpretar obras e estudos adecuados ao nivel
- Desenvolver seguridade na interpretación ante o público.
- Desenvolver técnicas e hábitos de estudo individuais, con suficiente capacidade autocrítica.
- Controlar con unha autonomía cada vez maior os recursos interpretativos, (respiracións, son, articulación, fraseo).
- Conseguir un son estable do fa grave ao fa agudo.

2. Contidos

- Práctica de exercicios de respiración, relaxación e concentración
- Fomento dunha actitude en clase correcta e positiva.
- División do estudo en cada un dos distintos elementos das obras (técnicos, interpretativos, rítmicos, análises...)
- Desenvolvemento da sensibilidade auditiva mediante sons longos en tódolos rexistros da frauta.

- Práctica do crescendo, diminuendo, ritardando.
- Práctica de escalas ata dúas e tres alteracións así como a escala cromática.
- Ampliación das articulacións (detaché longo e curto)
- Práctica en grupo, e fomento dunha boa actitude persoal.
- Exercicios de adestramento progresivo da memoria e lectura a primeira vista.
- Memorización de escalas e exercicios técnicos.
- Memorización de diversas pezas sinxelas.
- Interpretación de dúos co profesor e/ou compañeiros para desenvolver a afinación e o axuste rítmico.
- Realización de audicións públicas ó longo do curso.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos

3.2. Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas
- Avaliación das probas prácticas trimestrais

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Interpretación na aula dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor: 50 %
- Audicións públicas de frauta con acompañamento ou sen el: 25%
- Exames de estudos: 25%

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1.Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

O alumno terá dereito a un exame no mes de maio.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.2.Probas extraordinarias

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

- Dúas obras escollidas polo profesor.

- Unha obra escollida por sorteo.

- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

3º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Obxectivos

- Consolidar os aspectos traballados durante os cursos anteriores.
- Adquirir un plan de estudo eficaz.
- Interpretar obras e estudos adecuados ao nivel.
- Desenvolver seguridade na interpretación perante o público.
- Coñecer e practicar os sons harmónicos, whistle-tones e o frulatto.
- Identificar e practicar as estruturas musicais nos seus distintos niveis (motivos, temas, periodos, frases, seccións...) para chegar a unha interpretación cada vez máis consciente.
- Tocar escalas ata tres alteracións a unha velocidade maior.
- Practicar música en grupo e con acompañamento de piano.
- Fomentar a realización de gravacións habitualmente para a súa escoita posterior e así potenciar a autocrítica.
- Conseguir que no silencio de partida o alumno repase mentalmente todo o que necesita recordar para o éxito da interpretación inmediata.
- Manter a atención nos periodos de silencio e comprensión deste como parte do feito musical.
- Desenvolver a memoria e a lectura a primeira vista.

2. Contidos

- Exercicios de resonancia do son utilizando a gorxa e a cavidade da boca como órganos resoadores, así coma o estudo dos harmónicos.
- División do estudo en cada un dos distintos elementos das obras (técnicos, expresivos, memorización...)
- Continuación á comprensión das estruturas musicais, para chegar a través dunha interpretación consciente e non meramente intuitiva.
- Ampliación no estudo das articulacións.
- Estudo de escalas a velocidade moderada.
- Estudo de escalas ata tres alteracións.
- Estudo dos trinos.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Traballo habitual nas clases do silencio de partida como medio de concentración.
- Os alumnos realizarán gravacións propias co seu posterior comentario e así potenciar a autocrítica e autoaprendizaxe.
- Realización de audicións públicas ó longo do curso.

3. Avaliación

3.1 Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo

- Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos

3.2 Mínimos esixibles

- Interpretar coa suficiente autonomía 10 obras axeitadas ao nivel do curso
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas
- Avaliación das probas prácticas trimestrais

3.4 Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Interpretación na aula dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor: 50 %
- Audicións públicas de frauta con acompañamento ou sen el: 25%
- Exames de estudos: 25%

3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

O alumno terá dereito a un exame no mes de maio.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

- Dúas obras escollidas polo profesor.

- Unha obra escollida por sorteo.

- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.2 Probas extraordinarias

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario do curso escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras escollidas polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4º CURSO DE GRAO ELEMENTAL

1. Obxectivos

Posto que este é un curso que marca a fin do grao elemental, traballaránse en xeral todos os obxectivos sinalados nos cursos anteriores, poñendo especial interese en aspectos como a respiración, posición corporal, son, afinación, expresividade etc.

- Iniciaráse ao alumno no estudo do vibrato e dos cambios de cor.
- O alumno deberá coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas dentro das esixencias do nivel.
- O alumno deberá interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas dunha dificultade acorde con este nivel.
- Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir, de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.
- Demostrar maior autonomía para solucionar cuestións relacionadas á interpretación.

2. Contidos

- Exercicios de comprensión das estruturas musicais.
- Selección progresiva de estudos e obras adecuadas ao nivel.
- Exercicios de adestramento da memoria.
- Interpretación de dúos, tríos, cuartetos de frauta.
- Repentización de fragmentos musicais con suficiente fluidez e comprensión.
- Exercicios de relaxación e concentración con e sen frauta.
- Exercicios de vibrato e desenvolvemento do son.

3. Avaliación

3.1. Criterios de Avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos

3.2. Mínimos esixibles

- 3 obras da programación
- 5 estudos da programación
- Tocar escalas maiores e menores ata 4 alteracións.
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas
- Avaliación das probas prácticas trimestrais
- Exames escritos se fose necesario

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Interpretación na aula dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor: 50 %
- Audicións públicas de frauta con acompañamento ou sen el: 25%
- Exames de estudos: 25%

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

O alumno terá dereito a un exame no mes de maio.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.
- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.2. Probas extraordinarias

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.
- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

1º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Adquirir unha boa posición das mans e dedos co instrumento.
- Adquirir unha posición relaxada, flexible e aberta que favoreza a respiración.
- Adquirir un mellor desenvolvemento das súas capacidades respiratorias.
- Conseguir un son estable e homoxéneo do fa grave ao la agudo, en diferentes dinámicas.
- Iniciar ao alumno no estudo do vibrato.
- Adquirir unha boa calidade do legato tocando escalas e arpexios.
- Conseguir tocar dentro dunha velocidade moderada todas escalas maiores e menores.
- Coñecer e controlar os diferentes parámetros que serven para corrixir a afinación (ángulo do sopro, velocidade do aire, apoio, abertura dos beizos...)
- Desenvolver a rapidez e resistencia da articulación sobre notas repetidas.
- Demostrar técnicas de estudo eficaces (regularidade, metrónomo, uso do lápiz e indicacións).
- Demostrar autonomía progresivamente maior para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación.

- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade do son.
- Adoptar unha certa capacidade para tocar dentro dun grupo de frautas, (dúos, tríos).
- Ser capaz de tocar en audicións ou concertos de alumnos.
- Adquirir o hábito de ler a primeira vista así como de memorizar diferentes pasaxes como método de traballo.

2. Contidos

- Estudo e dominio das tonalidades.
- Estudo do son, afinación e dinámicas.
- Estudo do vibrato.
- Desenvolvemento da velocidade con todas as alteracións.
- Estudo e ampliación das articulacións, (picado longo, marcado e stacatto).
- Exercicios de legato con escalas e arpexios.
- Práctica de exercicios de respiración.
- Práctica de exercicios de relaxación e concentración.
- Coñecer e traballar distintas técnicas de estudo (por partes, de memoria, metrónomo, análise...etc.).
- Estudo dos cambios de cor e dinámicas.
- Adestramento progresivo da memoria.
- Práctica diaria de lectura a primeira vista.
- Lectura e estudo de dúos e tríos co profesor e/ou outros alumnos.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Realización de concertos e audicións de alumnos.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía.
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos.

3.2. Mínimos esixibles

- Interpretación de 5 estudos e 3 obras do programa.
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase.
- Avaliación audicións trimestrais públicas.
- Avaliación das probas prácticas trimestrais.

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Interpretación na aula dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor: 50 %
- Audicións públicas de fruta con acompañamento ou sen el: 25%
- Exames de estudos: 25%

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou tutores legais.

O alumno terá dereito a un exame no mes de maio.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.
- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.2. Probas extraordinarias

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.
- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

2º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Continuar e consolidar os obxectivos traballados en cursos anteriores.
- Conseguir un mellor desenvolvemento das capacidades respiratorias.

- Adquirir unha respiración silenciosa.
- Conseguir unha boa calidade do legato.
- Coñecer e utilizar os diferentes elementos da produción do son: apoio do aire, velocidade do aire, gorxa, boca, mandíbula, dirección do aire, ángulo de sopro.
- Poder tocar relativamente forte e piano pero afinado.
- Desenvolver o estudo e práctica do vibrato.
- Practicar e desenvolver os diferentes xeitos de producir son coa frauta.
- Desenvolver a gama de articulacións.
- Iniciación no estudo do dobre picado.
- Conseguir tocar en todas as tonalidades.
- Coñecer as posicións de trinos básicas.
- Demostrar a capacidade de adoptar diferentes recursos técnicos na interpretación.
- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.
- Poder tocar afinado e rítmicamente correcto con piano, dúo e trío de frautas.
- Memorizar un número determinado de obras e/ou estudos.
- Adquirir fluidez na lectura a primeira vista.
- Coñecer e traballar as distintas técnicas de estudo (separación de dificultades, alteración de ritmos, aplicación do metrónomo, traballar fragmentos...).
- Conseguir ser capaz de actuar en público a través de concertos e audicións de alumnos.

2. Contidos

- Estudo do son a través de sons longos.
- Estudo de escalas e arpexios en todas as tonalidades.
- Estudo do legato e a flexibilidade.

- Estudio de escalas cromáticas.
- Estudio do dobre picado.
- Estudio das articulacións. Exercicios de afinación, vibrato, matices e homoxeneidade do son.
- Práctica de exercicios de respiración.
- Memorización de obras e lectura a primeira vista.
- Selección progresiva en canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.
- Realización de audicións e concertos.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos

3.2. Mínimos esixibles

- Interpretación de 5 estudos e tres obras do programa.

- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas
- Avaliación das probas prácticas trimestrais

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Interpretación na aula dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor: 50 %
- Audicións públicas de fruta con acompañamento ou sen el: 25%
- Exames de estudos: 25%

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais,

nais ou titores legais.

O alumno terá dereito a un exame no mes de maio.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.
- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.2. Probas extraordinarias

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras ou estudos das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.
- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.

- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

3º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Perfeccionar os conceptos traballados nos cursos anteriores.
- Acadar unha correcta posición.
- Acadar unha boa técnica de respiración diafragmática e silenciosa.
- Coñecer as posicións dos trinos.
- Demostrar a sensibilidade auditiva necesaria na mellora constante do son.
- Desenrolar o dobre e o triple picado .
- Coñecer e usar as diferentes técnicas contemporáneas (frulatto, multifónicos, whistle tone, etc).
- Aumentar a velocidade na execución de escalas e arpexios.
- Saber empregar con autonomía os elementos que conflúen na produción do son.
- Realizar a interpretación de obras a través da análise das mesmas.
- Desenrolar a capacidade de solucionar problemas que xurdan ó longo do estudo
- Coñecer os principais solos de orquestra.
- Interpretar obras que inclúan obras dos diferentes estilos.
- Realizar actuacións en público.

2. Contidos

- Estudo dos trinos
- Estudo do rexistro sobreagudo
- Exercicios de control do vibrato

- Práctica da lectura a vista
- Práctica da música de conxunto
- Realización de audicións

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos

3.2. Mínimos esixibles

- Interpretar 5 estudos e 3 obras da programación.
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase
- Avaliación audicións trimestrais públicas

- Avaliación das probas prácticas trimestrais

- Exames escritos se fose necesario

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Interpretación na aula dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor: 50 %
- Audicións públicas de fruta con acompañamento ou sen el: 25%
- Exames de estudos: 25%

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

O alumno terá dereito a un exame no mes de maio.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.
- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.2. Probas extraordinarias

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.
- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.
- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Perfeccionar os conceptos traballados nos cursos anteriores.
- Acadar unha boa posición das mans e do corpo co instrumento.
- Acadar unha maior consciencia do corpo e da súa importancia para o instrumento.
- Acadar un son estable en todo o rexistro da frauta.
- Conseguir tocar forte e piano sen variar a calidade do son e da afinación.
- Coñecer as posicións dos trinos.
- Demostrar a flexibilidade necesaria no legato.
- Acadar o hábito de tocar afinado na interpretación en conxunto.
- Demostrar a sensibilidade necesaria para o constante perfezoamento do son.
- Saber utilizar con meirande autonomía os diferentes elementos da produción do son : apoio do aire, velocidade do aire, ángulo de soplo, que permitan variar e desenrolar todos os aspectos da sonoridade: (volumen , proxección, resonanancia, afinación homoxeneidade).
- Coñecer as diferentes solos célebres de orquestra a través das gravacións.
- Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade acorde co nivel.
- Ser quen de actuar en público coa seguridade necesaria.

2. Contidos

- Práctica de exercicios diarios de son.
- Estudo dos diferentes xeitos de soar o instrumento.
- Exercicios de respiración e relaxación.
- Estudo dos trinos.
- Estudo do rexistro sobreagudo.
- Exercicios para o control do vibrato.

- Práctica da lectura a vista.
- Práctica da música de conxunto.
- Realización de concertos e audicións de fruta.

3. Avaliación

3.1. Criterios de avaliación

- Coñecemento do instrumento e a súa morfoloxía.
- Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual.
- Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.
- Demostrar a correcta asimilación da técnica do instrumento e de estabilidade do son.
- Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.
- Lectura a vista de pequenos fragmentos.

3.2. Mínimos esixibles

- Interpretar 5 estudos e 3 obras da programación do curso.
- Mostrar a súa capacidade escenográfica en 2 audicións públicas

3.3. Procedementos e ferramentas de avaliación

- Avaliación continua nas actividades diarias de clase

- Avaliación audicións trimestrais públicas

- Avaliación das probas prácticas trimestrais

3.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

- Interpretación na aula dos exercicios, estudos e obras propostos polo profesor: 50 %

- Audicións públicas de frauta con acompañamento ou sen el: 25%

- Exames de estudos: 25%

3.5. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

O profesor titor do alumno/a solicitará á Xefatura de Estudos unha Xunta Avaliadora na que cada profesor deberá de informar sobre a capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao que aspire a acceder.

4. Medidas de recuperación

4.1. Procedementos de recuperación ordinarios

A non xustificación de **3 ausencias** a unha materia dunha sesión semanal será comunicada polo titor ou pola titora á xefatura de estudos, quen procederá a un aviso por escrito aos pais, nais ou titores legais.

O alumno terá dereito a un exame no mes de maio.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.

- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.

- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

4.2. Probas extraordinarias

Segundo as Instrucións da secretaría xeral de educación e formación profesional para a aplicación do calendario escolar nos conservatorios elementais e profesionais de música e danza, a proba extraordinaria levaráse a cabo no mes de xuño.

Consistirá nunha proba práctica, onde o alumno presentará un programa dun mínimo de dez obras das propostas polo profesor para ese curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.

- Dúas obras ou estudos escollidas polo profesor.

- Unha obra ou estudo escollida por sorteo.

- Unha obra ou estudo axeitados ao nivel do alumno para ler á vista.

5º CURSO DE GRAO PROFESIONAL

1. Obxectivos

- Mellorar a emisión conseguindo un son estable e aplicando as distintas dinámicas e flexibilidade en toda la extensión do instrumento.
- Desenvolver diferentes aspectos do son coma a cor, timbre, novas técnicas de produción do son.
- Mellorar a habilidade e velocidade necesarias en dedos e lingua sincronizados para executar con precisión as obras programadas no curso.
- Perfeccionar o control corporal a través da relaxación e a concentración.
- Coñecer a evolución do papel da frauta na orquestra.
- Coñecer e interpretar fragmentos de repertorio orquestral.
- Mellorar a interpretación a través da análise formal e armónico e da audición das pezas
- Mellorar a capacidade para interpretar en conxunto.
- Desenvolver a capacidade de improvisar e a creatividade.

2. Contidos

